



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE TRES DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE
(ACTA NÚMERO 01)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

Dª. Tareixa Antía Ferreiro Tallón
Dª. Mª. del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
Dª. Mayra García Bermúdez
D. Roberto Fernández Rico
D. José Luís Raposo Magdalena

Secretario:

D. Manuel Castiñeira Castiñeira

Interventora:

Dª. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **tres de xaneiro de douce mil vinte**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o Secretario Interventor D. Manuel Castiñeira Castiñeira , e asiste a Interventora Dª. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten o señor Deputado D. Xosé María Arias Fernández e a Sra. Deputada Dª. Mónica Freire Rancaño.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E SETE DE DECEMBRO DE DOUS MIL DEZANOVE.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e sete de decembro de dous mil dezanove, que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2. PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE EMULSIÓN ASFÁLTICA C65B3 TRG PARA O PARQUE MÓBIL DESTA DEPUTACIÓN.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Os efectos de aprobación do expediente de contratación da subministración de emulsión asfáltica C65B3 TRG , consta no mesmo:

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV6R2QH3NX4DTDVLSQABKFSCEM.

Prego de prescripcións técnicas, con CSV: IV6R2727PZ42LDHOZQOCOTQF4Q.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV6R2CY4GAEZ7D4YSNI4GR2PGM.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV6R2DAS3MVIXGBY257WEE7UO4.



DEPUTACIÓN DE LUGO

Informe xurídico firmado polo Asesor Técnico de Contratación, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV6R2DHPBAEDLOO4CQONCAAACU.

Fiscalización limitada previa do expediente con CSV: IV6R2ODMB4Z65P5ICBUEOMJUOY.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación da subministración de emulsión asfáltica tipo C65B3 TRG, para a Deputación Provincial de Lugo, EXP0050SU19-ABO, cunha duración inicial dun ano coa posibilidade dunha prórroga anual.

2º.- Aprobar o contido integro do expediente incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescripcións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade- prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos socias como criterio de puntuación, así como a obtención de melloras na prestación a través das ofertas realizadas polos licitadores.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto con pluralidade de criterios suxeito a regulación harmonizada, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no DOUE e no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 786.500,00 euros. O orzamento base de licitación inclúe 136.500,00 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; importe que se engade aos 650.000,00 euros de base, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP, atendendo ao seguinte desglose:

Anualidade 2020: 720.950,00 euros

Anualidade 2021: 65.550,00 euros

O procedemento contractual tramítase na modalidade de gasto anticipado, de conformidade co previsto no artigo 117.2 e a D. A. 3^a da LCSP, posto que a súa execución comezará no exercicio económico 2020. A adxudicación queda sometida á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que financian esta contratación (D.A. 3^a da LCSP).

O financiamento da anualidade 2020, ascendente a 720.950,00 euros, queda supeditado ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, estando incluída nos orzamentos de 2020 aprobado inicialmente polo pleno de 5 de decembro de 2019, na aplicación indicada.

A Deputación debe adquirir o compromiso, supeditado a disponibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2021, a cantidade de 65.550,00 euros.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3. PROPOSTA DE MODIFICACIÓN, SE PROCEDE, DOS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN POR LOTES DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE MATERIAL ELÉCTRICO DE ILUMINACIÓN CON TECNOLOXÍA LED PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXETO ILUMIN@.



Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o Informe xurídico cuxo teor literal se transcribe a continuación:

“Antecedentes.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, adoptou, en sesión celebrada o día 11 de decembro de 2019, o seguinte acordo:

“Aprobar a contratación por lotes (zona norte, zona centro e zona sur) da subministración e instalación de material eléctrico de iluminación con tecnoloxía LED para o desenvolvemento do porxecto ILUMIN@. O prazo máximo de execución establecido para cada un dos lotes será de 6 meses a contar dende o día seguinte á sinatura da acta de inicio da subministración e instalación do lote, e sen posibilidade dunha prórroga anual.

Zona norte lote 1: Meira, Burela, A Pastoriza, Riotorto, Lourenzá, Ourol, Mondoñedo, Xermade, O Vicedo, Ribeira de Piquín, Alfoz, Trabada, O Valadouro e Vilalba.

Zona centro lote 2: Baralla, Begonte, Castro de Rei, Castroverde, Cervantes, Cospeito, Friol, Guntín, Láncara, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz e Rábade.

Zona sur lote 3: A Pobra do Brollón, As Nogais, Carballedo, Folgoso do Courel, Monforte de Lemos, O Incio, O Páramo, O Saviñao, Pantón, Quiroga, Samos e Sober.

Aprobar o contido integro do expediente incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade- prezo, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal

mediante a incorporación dos aspectos socias como criterio de puntuación, así como a obtención de melloras na prestación a través das ofertas realizadas polos licitadores.

Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto con pluralidade de criterios suxeito a regulación harmonizada, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta consonte os artigos 145 e 146 da LCSP.; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no DOUE e no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 699.091,55 euros. O orzamento base de licitación ascende a 699.091,55 euros. O orzamento base de licitación inclúe 121.329,97 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; importe que se engade aos 577.761,58 euros de base, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP.

Lote 1-Zona norte (14 Concellos):

O importe deste lote desglósase do seguinte xeito:

Costes Directos	167.685,13 €
Costes Indirectos (6%)	10.061,11 €
Orzamento de execución Material (Costes Directos + Costes Indirectos)	177.746,24 €
Gastos xerais (13%)	23.107,02 €
Beneficio industrial (6%)	10.664,77 €
Orzamento base de licitación (sen IVE)	211.518,03 €
IVE 21%	44.418,78 €
ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN	255.936,81 €

Lote 2-Zona centro (12 Concellos):

O importe deste lote desglósase do seguinte xeito:

Costes Directos	143.165,75 €
-----------------	--------------



Costes Indirectos (6%)	8.589,95 €
Orzamento de execución Material (Costes Directos + Costes Indirectos)	151.755,70€
Gastos xerais (13%)	19.728,24 €
Beneficio industrial (6%)	9.105,35 €
Orzamento base de licitación (sen IVE)	180.589,30 €
IVE 21%	37.923,76 €
ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN	218.513,06 €

Lote 3-Zona sur (12 Concellos):

O importe deste lote desglósase do seguinte xeito:

Costes Directos	147.181,10 €
Costes Indirectos (6%)	8.830,87 €
Orzamento de execución Material (Costes Directos + Costes Indirectos)	156.011,97 €
Gastos xerais (13%)	20.281,57 €
Beneficio industrial (6%)	9.360,71 €
Orzamento base de licitación (sen IVE)	185.654,25 €
IVE 21%	38.987,43 €
ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN	224.641,68 €

A porcentaxe de cofinanciación do FEDER é dun 80% asumindo a Deputación de Lugo o estante 20% con fondos propios segundo o seguinte desglose:

Importe total suma 3 Lotes:

Importe total 3 Lotes (sen IVE)	Importe IVE 3 Lotes	Importe total dos 3 Lotes (IVE incluído)	80% cofinaciado polo FEDER	20% cofinaciado pola Deputación de Lugo
577.761,58 €	121.329,97 €	699.091,55 €	559.273,24 €	139.818,31 €

Polo que se refire ás obrigas que se deriven da presente contratación, consta no expediente Informe de Intervención, no que se recolle o seguinte:

“Existe crédito suficiente na aplicación orzamentaria 1650.65009 do vixente orzamento xeral, para os importes de 139.818,31 euros (A-92019/8477), (20% correspondente a achega da Deputación), e 559.273,24 euros (A-92019/8640), (80% correspondente a aportación do FEDER).”

O procedemento contractual tramítase na modalidade de gasto anticipado, de conformidade co previsto no artigo 117.2 e a D. A. 3ª da LCSP, posto que a súa execución comezará no exercicio

económico 2020. A adxudicación queda sometida á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que financian esta contratación (D.A. 3^a da LCSP)."

Vistas as consultas recibidas no correo electrónico contratacion@deputacion.org, ponse en coñecemento dos posibles interesados as cuestiós expostas ata a data.

¿Criterios valorables mediante fórmulas matemáticas.-

En la pag. 7 del PCAP se indica como criterio valorable con un máximo de 5 puntos el "Fomento de la contratación indefinida". Sin embargo, luego, cuando se desarrolla la forma de puntuar cada uno de los criterios, éste no aparece descrito. Por tanto, rogamos aclaren si dicho criterio es valorable o no. Y, en caso de serlo, cuál es la fórmula que se utilizará para su valoración.

Gracias.

Publicada o día 30.12.2019 na Plataforma de contratos do Sector Público a contestación á consulta realizada, así coma a providencia da suspensión do prazo de presentación de ofertas, segundo o teor que se indica a continuación:

"En relación a la consulta planteada le indicamos que en el pliego de cláusulas administrativas particulares rector del EXP0047SU19-ABO, se ha omitido por error la descripción del criterio número 6 "Fomento de la contratación indefinida". Este criterio evaluable automáticamente mediante fórmulas matemáticas se utiliza habitualmente en la mayor parte de los procedimientos de contratación incoados por este órgano de contratación, cómo por ejemplo en el EXP0046SE19-ABO- Contratación por lotes del servicio de asistencia técnica al responsable del contrato del suministro e instalación de material eléctrico de iluminación con tecnología LED para el desarrollo del Proyecto ILUMIN@, con división en tres lotes, el cual es complementario del presente expediente de contratación.

Por este motivo se va a proceder a la modificación del pliego de cláusulas administrativas particulares rector del EXP0047SU19-ABO con el objeto de añadir la descripción del criterio número 6 "Fomento de la contratación indefinida", incluir la fórmula que se utilizará para su



valoración así como también proceder a la ampliación del plazo de presentación de ofertas por los días transcurridos entre la publicación de la providencia de paralización del plazo de presentación de ofertas, y la publicación en la Plataforma de contratos del Sector Público del texto del PCAP modificado, motivada por la omisión en el pliego de cláusulas administrativas particulares de la descripción del criterio señalado.

A efectos informativos se señala a continuación los términos en los que se procederá a realizar la descripción del criterio número 6 “Fomento de la contratación indefinida” y la fórmula que se utilizará para su valoración:

“6. Fomento de la contratación indefinida. Se valorará con un máximo de 5 puntos.

Se valorará con la máxima puntuación la empresa que tenga, en el momento de presentar la oferta, mayor porcentaje de personal con contrato indefinido sobre el total de personal contratado, utilizando la siguiente fórmula:

$$Po = 5 \times \frac{T}{TM}$$

Dónde:

Po = Puntuación de la oferta

T: Porcentaje de personal indefinido de la empresa a valorar.

TM: Porcentaje de personal indefinido de la empresa que tenga mayor porcentaje de personal con contrato indefinido.

A efectos de valorar el criterio 6, las empresas deberán aportar declaración responsable de su administrador o representante, conformada por la representación de los trabajadores (identificada) en la empresa. En el caso de no tener representante de los trabajadores, será firmado por dos trabajadores, de los que en todo caso deberá constar su identificación. La declaración se efectuará siguiendo el modelo del Anexo V de este PCAP. En cualquiera caso y ante cualquier tipo de duda, la Diputación podrá solicitar de la empresa licitadora cualquier otra información

complementaria, para contrastar esta información, presentada como declaración responsable, de acuerdo con el artículo 69 de la Ley 39/2015, de 1 de outubro del PCAP.”

Teniendo en cuenta que el procedimiento se encuentra en fase de presentación de ofertas, se ordena la paralización del mismo, hasta que el órgano competente apruebe la modificación y se publique en la Plataforma de contratos del Sector Público el texto del PCAP modificado.”

Lexislación aplicable

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP).

Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).



Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Restante normativa de xeral ou concordante aplicación.

Fundamentos xurídicos

Como consecuencia da consulta realizada na Plataforma de Contratos do Sector Público, detectouse que no PCAP omitiuse por erro a descripción do criterio número 6 “Fomento da contratación indefinida”. Este criterio available automaticamente mediante fórmulas matemáticas utilízase habitualmente na maior parte dos procedementos de contratación incoados por este órgano de contratación, como por exemplo no EXP0046SE19- ABO- Contratación por lotes do servizo de asistencia técnica ao responsable do contrato da subministración e instalación de material eléctrico de iluminación con tecnoloxía LED para o desenvolvemento do Proxecto ILUMIN@, con división en tres lotes, o cal é complementario do presente expediente de contratación.

Por este motivo semella procedente realizar a modificación do prego de cláusulas administrativas particulares reitor do EXP0047SU19-ABO co obxecto de engadir a descripción do criterio número 6 “Fomento da contratación indefinida”, e incluír a fórmula que se utilizará para a súa valoración así como tamén proceder á ampliación do prazo de presentación de ofertas polos días transcorridos entre a publicación da providencia de paralización do prazo de presentación de ofertas, e a publicación na Plataforma de contratos do Sector Público do texto do PCAP modificado, motivada pola omisión no prego de cláusulas administrativas particulares da descripción do criterio sinalado.

Tendo en conta o antedito, procede realizar a seguinte modificación do PCAP , incluindo a descripción do criterio número 6 “Fomento da contratación indefinida” e a fórmula que se utilizará para a sua valoración:

“Apartado P do cadro resumen do Expediente EXP0047SU19-ABO.

6. Fomento de la contratación indefinida. Se valorará con un máximo de 5 puntos.

Se valorará con la máxima puntuación la empresa que tenga, en el momento de presentar la oferta, mayor porcentaje de personal con contrato indefinido sobre el total de personal contratado, utilizando la siguiente fórmula:

$$Po = 5 \times \frac{T}{TM}$$

Dónde:

Po = Puntuación de la oferta

T: Porcentaje de personal indefinido de la empresa a valorar.

TM: Porcentaje de personal indefinido de la empresa que tenga mayor porcentaje de personal con contrato indefinido.

A efectos de valorar el criterio 6, las empresas deberán aportar declaración responsable de su administrador o representante, conformada por la representación de los trabajadores (identificada) en la empresa. En el caso de no tener representante de los trabajadores, será firmado por dos trabajadores, de los que en todo caso deberá constar su identificación. La declaración se efectuará siguiendo el modelo del Anexo V de este PCAP. En cualquiera caso y ante cualquier tipo de duda, la Diputación podrá solicitar de la empresa licitadora cualquier otra información complementaria, para contrastar esta información, presentada como declaración responsable, de acuerdo con el artículo 69 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre del PCAP. ”

A Resolución del Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales, Recurso nº. 229/2016, Resolución nº. 245/2016, en cuxo Fundamento de Derecho Quinto, se vislumbra:

“(...) Continuando en esta línea de razonamiento, no parece que deba existir obstáculo para que, advertida la necesidad de introducir una variación en los pliegos, por error (incluso de carácter no propiamente material, sino de concepto), incongruencia de los mismos u otra circunstancia análoga, pueda modificarse o subsanarse su contenido si con ello no se producen efectos desfavorables para ningún licitador ni se vulneran los principios rectores de la contratación, muy especialmente los de igualdad y concurrencia. No parece razonable ni proporcionado que en tales



supuestos, en los que en muchas ocasiones en realidad no nos encontraremos ante un vicio que afecte a la validez del acto, deba exigirse el rigor de un procedimiento de revisión de oficio de los pliegos, ni tampoco que haya de procederse en todo caso a desistir del procedimiento para iniciar formalmente una nueva licitación, con el consiguiente perjuicio para los intereses públicos que derivaría del retraso que ello provocaría en la tramitación, siendo así que puede corregirse la situación planteada sin menoscabo de los intereses de los potenciales licitadores abriendo un nuevo plazo de presentación de ofertas tras la modificación del pliego.

Téngase presente aquí, además, otro principio de especial relieve en esta materia, cual es la potestad discrecional que debe reconocerse al órgano de contratación para conformar el objeto y condiciones de la contratación de la forma que estime más adecuada para los intereses públicos, lo que también abona la posibilidad de adecuar el pliego cuando se advierta necesidad para ello siempre sin incidir de manera perjudicial en la esfera jurídica de terceros interesados que pudieran haber ya concurrido a la licitación.

Efectivamente, en el estadio inicial del procedimiento de licitación, cuando aún no se han presentado proposiciones, cabe asimilar a estos efectos a los pliegos con la situación de los actos de trámite no cualificados en el seno de un procedimiento administrativo, los cuales pueden ser modificados o dejados sin efecto por la Administración durante la tramitación del mismo y antes del dictado de la resolución sin necesidad de proceder a la revisión de oficio, siempre que, insistimos, no se produzca con ello un efecto desfavorable para los derechos o intereses de algún interesado. (...)".

Desde esta perspectiva, advírtese no noso caso como, atopándonos na fase inicial da licitación, a modificación acórdase cando áinda se atopa abierto o prazo inicial de presentación de ofertas sen que se presentaran ofertas por parte dos interesados a data da publicación da providencia de suspensión do prazo motivada no erro detectado.

Tendo presentes os razoamentos previamente expresados así como o principio xeralmente aplicable de economía procedemental, e, en fin, a inexistencia de terceiros afectados, estimamos que non cabe advertir na modificación operada a existencia de vicio xurídico determinante da súa

invalidez, atendendo ao feito de outorgar un novo prazo de presentación de proposicións, con efecto así equivalente á iniciación dun novo procedemento de licitación.

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescripcións Técnicas, así como para a aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011).

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar á modificación do Apartado P do cadro resumen do Expediente EXP0047SU19-ABO, pola cal se incorpora a descripción do criterio número 6 “Fomento da contratación indefinida” e a fórmula que se utilizará para a súa valoración:

“Apartado P do cadro resumen do Expediente EXP0047SU19-ABO.

6. Fomento de la contratación indefinida. Se valorará con un máximo de 5 puntos.

Se valorará con la máxima puntuación la empresa que tenga, en el momento de presentar la oferta, mayor porcentaje de personal con contrato indefinido sobre el total de personal contratado, utilizando la siguiente fórmula:

$$Po = 5 \times \frac{T}{TM}$$

Dónde:

Po = Puntuación de la oferta

T: Porcentaje de personal indefinido de la empresa a valorar.



TM: Porcentaje de personal indefinido de la empresa que tenga mayor porcentaje de personal con contrato indefinido.

A efectos de valorar el criterio 6, las empresas deberán aportar declaración responsable de su administrador o representante, conformada por la representación de los trabajadores (identificada) en la empresa. En el caso de no tener representante de los trabajadores, será firmado por dos trabajadores, de los que en todo caso deberá constar su identificación. La declaración se efectuará siguiendo el modelo del Anexo V de este PCAP. En cualquiera caso y ante cualquier tipo de duda, la Diputación podrá solicitar de la empresa licitadora cualquier otra información complementaria, para contrastar esta información, presentada como declaración responsable, de acuerdo con el artículo 69 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre del PCAP.”

2º.- Publicar o correspondente anuncio de modificación no Diario oficial da Unión Europea e na Plataforma de contratos do Sector Público, á que se pode acceder a través da páxina web da Excma. Deputación Provincial de Lugo, no menú servizos- perfil do contratante. (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es).

3º.- Aprobar e publicar na Plataforma de contratos del Sector Público o texto modificado do prego de cláusulas administrativas particulares (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Ampliar o prazo de presentación de ofertas polos días transcorridos entre a publicación da providencia de paralización do prazo de presentación de ofertas, e a publicación na Plataforma de contratos do Sector Público do texto modificado do prego de cláusulas administrativas particulares.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA AMPLIACIÓN DE PRAZO DE SOLICITUDES DA MEDIDA 8.2.3.1. FORMACIÓN PARA O EMPRENDEMENTO E PROMOCIÓN DA CULTURA EMPRENDEDORA. PRENDE: BOTA RAICES NO RURAL.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social do seguinte teor:

“Con data 11 de decembro de 2019 apróbase en Xunta de Goberno a Medida 8.2.3.1 Formación para o emprendemento e promoción da cultura emprendedora. Prende ! Bota Raíces no rural destinado a frear a despoboación dos concellos do medio rural, a través da formación entre mozas e mozas entre 16 e 30 anos inscritos no sistema nacional de garantía xuvenil en sectores con proxección de emprego.

Con data 16 de decembro de 2019 publicase no BOP de Lugo, as bases do programa xunto co extracto de publicación da Base Nacional de Subvencións. Dende o dia seguinte a esta, ábrase o prazo para entregar solicitudes que se prolonga durante 15 días hábiles (sendo o prazo dende o 17 de decembro de 2019 ata 9 de xaneiro de 2020 ambos inclusive).

A data actual o número de solicitudes non cubre os postos ofertados e o crédito orzamentario dispoñible.

O prazo de solicitude inclúe toda a festividáde de nadal, polo que estas datas prexudican a presentación de solicitudes ante os preparativos, desprazamentos de moitas familias, a acumulación de 5 días festivos durante o período de solicitudes dificultaron o desenvolvemento da actividade ordinaria da mocidade, e polo tanto poder presentar a solicitude en prazo o programa .

De acordo o artigo 32.1 da lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das administracións públicas.

“La administración, salvo precepto en contrario, podrá conceder de oficio o a petición de los interesados, una ampliación de los plazos establecidos, que no exceda de la mitad de los mismos, si las circunstancias lo aconsejan y no se perjudican derechos de terceros. El acuerdo de ampliación deberá ser notificado a los interesados”

Por todo elo, proponse a Xunta de Goberno:



A ampliación do prazo de solicitude do Programa 8.2.3.1 Formación para o empredemento e promoción da cultura emprendedora. PRENDE ! BOTA RAICES NO RURAL, por 7 días hábiles, a contar dende a finalización do prazo aprobado, en aplicación do artigo 32.1 da lei 39/2015 de 1 de outubro.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5. DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN 245/2019 DO TACGAL RELATIVA Ó RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN NÚMERO 258/2019, RELATIVO Á LICITACIÓN DO SERVIZO PARA A REALIZACIÓN DE INVENTARIOS E INFORMES TÉCNICOS-ECONÓMICOS PARA A IMPLANTACIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL DAS INSTALACIÓNNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA E GASEODUCTOS, EXPEDIENTE EXP0029SE18-ABO.

Dáse conta da Resolución núm. 245/2019, do 6 de novembro de 2019, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónma de Galicia, ditada en recurso núm. 258/2019, pola que se estima o recurso interposto polas mercantís Calixto Escariz S.L.U. , BIGM CIVIL ENGINEERS S.L. e SERTOGAL S.L. contra resolución de adxudicación pola Deputación de Lugo da contratación dun servizo para realización de inventarios e informes técnico-económicos para a implantación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalaciónns de transporte de enerxía eléctrica e gaseoductos; e levantar a suspensión acordada no seu día.

Asi mesmo dáse conta do informe do Servizo de Asesoría Xurídica sobre a dita Resolución, no que se recolle que se coincide básicamente cos fundamentos xurídicos que contén a resolución do TACGAL, polo que se considera xurídicamente inviable, ou sequera con esacas ou nulas perspectivas de éxito, un hipotético recurso contencioso contra tal resolución.

A Xunta de Goberno queda enterada.

6. COMUNICACIÓNES DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

7. ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.